

## PEZA DO MES

maio

2000

---



### PLACA DE CINTO TARDORROMANO

PLACA CALADA COA REPRESENTACIÓN DUN CABALO DUN BROCHE DE CINTO DO CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ. UN ELEMENTO MÁIS DA CULTURA MATERIAL DO MUNDO TARDORROMANO NO NW PENINSULAR.





VISTA XERAL DA ÁREA ESCAVADA DO XACEMENTO

## PLACA DE CINTO TARDORROMANO

Esta singular peza de bronce formaba parte dos *cingula militiae* - cintos de militares - que eran un elemento moi importante do uniforme militar, ata o extremo, de que por extensión o nome pasou a designar o servizo militar mesmo.

Ditos cintos constaban dunha placa rectangular de bronce, a miúdo con decoración calada, formando diversos motivos. Esta peza, procedente do xacemento de Santomé (Ourense), destaca pola súa singularidade e beleza. Está realizada a molde, presentando un relevo de certo volume coa figura dun cabalo ó paso, sinalando minuciosamente as partes anatómicas do animal: cascos, cola, coas serdas marcadas por medio de incisións, orellas, as crinas, omoplata esquerda e parte da montura. A figura aparece enmarcada na parte superior

e inferior por unha barra con cinco apéndices, que recordan as protuberancias que teñen algunhas fibelas rectangulares nas esquinas.

A placa articularíase coa fibela mediante bisagra e iría unida á correa de coiro por medio de dous botóns soldados no reverso, un á altura da anca, e o outro, do que só queda o resto da soldadura, á altura da parte superior das patas dianteiras. Esta particularidade de botóns ou dobróns, en lugar de remaches, individualiza as producións hispánicas das do resto do imperio romano. Os paralelos máis próximos atopámoslos na placa de cinto depositada na Universidade de Santiago de Compostela e outra procedente de Argeliers.

Este tipo de representacións non deben resultar estrañas nun momento no que o cabalo, símbolo de poder e forza, ligado dende a antigüidade a avances técnicos que permitiron o desenvolvemento económico da humanidade, adquire un significativo relevo na sociedade hispanorromana, sobre todo no baixoimperio, especialmente en relación con actividades vincula-


unha cerimonia suntuosa de xuramento do cargo, tal e como figuran nos Codex Teodosiano e Justiniano. Do mesmo xeito, os elementos das gornicións figuran na Notitia Dignitatum, entre as insignias que recibían determinados estamentos.

A tese tradicional vinculou estes cintos cun grupo de guerreiros da fronteira na área do Rhin. A extrapolación desta fronteira á Península Ibérica, a partir destes achados, deu lugar á creación do mito historiográfico coñecido como cultura das “Necrópolis del Duero”. A pesar dos grandes avances experimentados nos últimos anos no estudio destes materiais, queda aínda un gran número de incógnitas por resolver no que lles respecta ós usuarios de todos estes elementos característicos desta cultura.


Cabe preguntarse o porqué da presenza destas partes da indumentaria militar nun xacemento das características de Santomé, alongado das particularidades que definen un enclave de carácter militar. As respostas poden ser variadas, resultando unhas máis convincentes que outras.

Sen descartar a presenza eventual dalgunha unidade militar ou o carácter castrense do dono da explotación, que despois de realizar a carreira militar trouxera estas pezas como recordo da súa vida profesional, a hipótese máis crible é a que mantén que na tardorromanidade, as diferentes partes da vestimenta militar integráronse na indumentaria civil, e en concreto os broches de cinto, que estarían en relación coa xeneralización da túnica, prenda cinguida ó corpo por medio dun cinto.

A singularidade desta peza vén a poñer de relevo, unha vez máis, a importancia do conxunto arqueolóxico-natural de Santomé para o coñecemento da Tardorromanidade, ó tempo que potencia o seu papel no contexto do aproveitamento sociocultural e do turismo cultural.



RECONSTRUCCIÓN DA UNIDADE HABITACIONAL ONDE SE DOCUMENTOU A PEZA



RECONSTRUCCIÓN FUNCIONAL DA PEZA

das co otium, como carreiras de carros do circo, paradas ou a caza. Outras pezas documentadas no mesmo xacemento, como unha roda calada dun freo de cabalo, poñen de manifesto a súa importancia. Tampouco debemos esquecer a fama que tiveron en todo o imperio os cabalos hispánicos, en xeral, e os galaicos en particular, os chamados Tieldóns.

Os cingula militariae, que servían para suxeitar a espada, tiñan un carácter simbólico e de representación social, tanto entre o estamento militar, como entre os funcionarios civís. A honra de levar o cingulum, así como as súas características, estaban rixidamente regulamentadas, levando implícita a súa concesión



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.  
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

### PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Xulio Rodríguez González. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: J.Carlos García España.

DEPOSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

